

Expediente núm.: 352/2022

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal laboral temporal para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)

Categoría profesional: Peón Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Listado definitivo de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar na categoría profesional de (1) Peón Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES).

Examinadas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun (1) Peón Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), cuxas bases foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, celebrada en sesión ordinaria o día 04 de maio de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 11 de maio de 2022.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes con data do 19 de maio de 2022 e, tendo en conta as alegacións ou reclamacións presentadas en prazo polos/as aspirantes excluídos/as da lista provisional de admitidos/as, consonte co disposto nas devanditas bases de selección,

RESOLVO

Primeiro.- Admitir as alegacións e/ou reclamacións dos/as seguintes aspirantes:

- I. Presenta Fotocopia do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade, Fotocopia do título esixido ou resgardo de ter abonado os dereitos para a súa expedición (artigo 3º), Fotocopia do carné de conducir tipo "C" en vigor, Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 2), para xustificar a exención da realización da proba de galego, Declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo II das bases e Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame, (Artigo 3, 5 e Anexo I das bases):

- Fernández Quiroga, Javier 3684

- II. Presenta acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 2), para xustificar a exención da realización da proba de galego (Artigo 3, 5 e Anexo I das bases):

- Peña Pérez, Pedro 7461

Segundo.- Non admitir as alegacións e/ou reclamacións dos/as seguintes aspirantes:

Solicitud presentada fora do prazo legalmente establecido nas bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha (1) vacante na categoría profesional de "Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (V)" (artigo 4 das bases):

- Lucas Escaneo Maciñeiras :9813





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

A desestimación fundaméntase nas seguintes cuestións:

1ª. Vista a alegación presentada polo aspirante, requírese á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A., que comprobe unha posible incidencia na sede electrónica do noso Concello a tarde - noite do día 19.05.2022.

A empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. remite o seguinte parte técnico sobre o asunto, que literalmente di:

"El día 19/05/2022 no hubo ninguna incidencia y la sede estuvo operativa todo el día. El error adjuntado no es error de la sede. Éste se produce al presentar el certificado a CI@ve."

2ª. O artigo 4 das Bases que rexen o presente proceso selectivo, establece que a comunicación da presentación das solicitudes debe facerse por algún dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que literalmente dispón:

"4. Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.

b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes."

3ª. O artigo 4.1 das Bases que rexen o presente proceso selectivo, puntualiza literalmente o seguinte:

"De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e co fin de axilizar os trámites, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico (rrhh@concellopereiro.com), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015."

Este parágrafo en ningún momento habilita a posibilidade de poder realizar por correo electrónico a presentación da documentación para participar no proceso selectivo, senón que simplemente é un modo de deixar constancia de que o envío da dita documentación non se fai no rexistro xeral do Concello.

Terceiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ó proceso selectivo dós/dás seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAP.
1	Blanco Carballo, José Manuel	5122	Non	-
2	Bouzo Domínguez, Fernando	9547	Si	-
3	Brea González, Rubén	6127	Si	-
4	Calviño Gómez, Iván	7111	Si	-
5	Caneiro López, David	9376	Si	-
6	Castro Souto, Roque	0691	Si	-
7	Domínguez Rodríguez, Jonatan	9525	Si	-





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

8	Fernández Quiroga, Javier	3684	Si	-
9	Franco Pérez, Javier	7185	Si	-
10	García Baceiredo, Manuel	6410	Si	-
11	García Mato, Diego	2968	Si	-
12	González Blanco, Juan Carlos	8201	Si	-
13	López Cebreiros, Adrián	0273	Si	-
14	Lorenzo Casado, Juan Francisco	7437	Si	-
15	Mayo Touceda, Diego	0869	Si	-
16	Nava Herreros, Sergio	5607	Si	-
17	Peña Pérez, Pedro	7461	Si	-
18	Rodríguez Gómez, Diego	9722	Si	-
19	Suárez Dapena, David	9179	Si	-
20	Tejada Vázquez, Alberto	5981	Si	-
21	Trabazos Pérez, Alejandro	8795	Non	-
22	Villar Prol, Diego	9001	Si	-

LISTA DE EXCLUÍDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAP.	MOTIVO
1	Escáneo Maciñeiras, Lucas	813	Non	-	Presentada fora do prazo legalmente establecido nas bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha (1) vacante na categoría profesional de "Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (V)". (artigo 4 das bases)

Cuarto.- O tribunal que xulgará estas probas selectivas será o seguinte:

Tribunal titular:

Presidente/a: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a: Marina Sara González Soto, asesora xurídica en asuntos de urbanismo e demais servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: José Ramón Sánchez Feijoó, Xefe do servizo de bombeiros do Concello de Ourense.

José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios municipais do

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0414 Data: 02/06/2022



Cod. Validación: 9N876LM3ERSRAPEMP2KYKR6TN | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Concello do Pereiro de Aguiar.

José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Tribunal suplente:

Presidente/a: Concepción Bolaño Nóvoa, técnico de xestión do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a: Sonia María Nespereira Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Luisa María López Pérez, arquitecta municipal do Concello do Pereiro de Aguiar.

Ana Belén Belmonte Ferreiro, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Quinto.- Sinalar o vindeiro día **06 de xuño 2022, ás 09:15 horas**, para a constitución do Tribunal Cualificador das probas selectivas e valoración de méritos das devanditas prazas, nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, sito en Os Gozos (A Derrasa) – Concello do Pereiro de Aguiar (Coordenadas Google Maps: 42°19'08.8"N 7°47'39.3"W).

Sexto.- Sinalar o vindeiro día 06 de xuño de 2022, nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos (A Derrasa), para a realización da seguinte proba:

- Ás 09:30 horas para a realización do primeiro exercicio: exame tipo test (artigo 8º das Bases).
- Ás 10:30 horas para a realización da proba de galego, para aqueles aspirantes non exentos (artigo 8º das Bases).
- Ás 11:00 horas para a realización do segundo exercicio: proba práctica (artigo 8º das Bases).

Sétimo.- Os/as aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

Oitavo.- Publicar a presente Resolución de relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,
Luís Menor Pérez

O secretario – interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0414 Data: 02/06/2022



Cod. Validación: 9N676LM3ERSRAPEMP2KYKR6TN | Corrección: <https://concelloperero.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5